IV Encontros Internacionais de Arquitectura
Santiago de Compostela 20,21,22 de Octubre 2005
**20 de octubre**

# Arquitectos e teóricos buscan darlle resposta ó concepto da Identidade na práctica constructiva

O Comité Científico desta edición, presidido polo arquitecto americano Carlos Jiménez, elexiu o tema "Identidades" coma base dos relatorios que durante tres días se presentarán en Santiago de Compostela. Así mesmo propuxeron outros temas secundarios sobre o concepto de "Identidades": "Novos e vellos modelos profesionais", "Memoria e herdanza, bases dun presente" e "Modelos urbans para novas sensibilidades sociais". A necesaria proximidade entre cada un dos temas xerará superposicións que confiamos enriquezan o debate e acheguen conclusións interesantes.

Ademais de Carlos Jiménez, o Comité Científico -unha denominación que só intenta reflecti-la xuntanza dunhas persoas na procura de contidos e conferenciantes para estas xornadas- está composto por (en orde alfabética) Félix Arranz, Celestino García Braña, Luciano González Alfaya, Jesús Irrisarri, Patricia Muñiz, Felipe Peña e Teresa Táboas. Todo comezou este inverno, na praza da Quintana de Compostela, onde se reuniu por primera vez o Comité. A proposta da temática queríase que fose o suficientemente ampla para abarcar opinións contradictorias, pero que definise dun xeito claro, preocupacións -incluso obsesións- vixentes na actualidade. Cando se escolleu o tema central do congreso intentáronse descifrar variacións para cada unha das xornadas. Os nomes dos arquitectos foron saíndo entón con axilidade, e solapándose entre os presentes. Non era tampouco doado a asignación de cada un dos días, xa que se procuraban alternar diferentes idiomas, visións e opinións, nesa permanente intención de mesturar xeitos de facer arquitectura. Foise contactando con arquitectos intentando coordinar axendas imposibles, e varios tiveron que rexeita-lo noso convite. Algúns deles virán a Galicia nos próximos meses para compensa-la súa ausencia no congreso.

Quince convidados de doce países diferentes -e catro continentes- aceptaron a invitación e participarán durante tres días nas conferencias e mailos debates abertos que xurdiran á fin de cada xornada. Deste xeito, con esta temática e con estes convidados, Santiago de Compostela convertirase, durante estas datas, no centro de atención da Arquitectura de toda a Península.



Carlos Jiménez



**DIMENSIÓNS**

1.200 asistentes
Entre arquitectos e estudiantes de Arquitectura.

15 relatores de 12 países
Profesionais de catro continentes.

50 expositores
Tódolos sectores necesarios para a definición do proxecto arquitectónico.

## Los gobiernos se implican en el debate

Los Gobiernos español y gallego han optado por no quedarse al margen de un debate que, dada sus dimensiones y características intrínsecas, promete resultar no sólo apasionante, sino -esperemos- clarificador. Así, la inauguración de los IV Encontros Internacionais de Arquitectura contará esta tarde con la presencia de la ministra de la Vivienda, María Antonia Trujillo, quien presidirá la apertura oficial de las jornadas. María Antonia Trujillo estará acompañada por el alcalde de la ciudad, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, y su homóloga en la Xunta, la conselleira Teresa Táboas, miembro del Comité Científico del congreso y ex decana del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia. El sustituto de Teresa Táboas al frente del Colegio gallego, Mariano de Labra, también participará en la ceremonia de apertura, prevista para las 16 horas. Junto a ellos, Luciano González Alfaya, una de las alma máter del foro de arquitectura.

## PROGRAMA DO DÍA

| | |
|---|---|
| 9.00 - 10.00 | **RECOLLIDA DE ACREDITACIÓNS** |
| 10.00 - 11.00 | **CARLOS JIMÉNEZ (ESTADOS UNIDOS)** |
| 11.00 - 12.00 | **KENGO KUMA (XAPÓN)** |
| 12.00 - 12.30 | Pausa café |
| 12.30 - 13.00 | Conferencias da Mostra (Sala Compostela) |
| 13.00 - 14.00 | **DAVID ADJAYE (TANZANIA)** |
| 16.00 - 16.30 | **INAUGURACIÓN OFICIAL**<br>María Antonia Trujillo. Ministra da Vivenda Xosé<br>Antonio Sánchez Bugallo. Alcalde de Santiago<br>Teresa Táboas. Conselleira de Vivenda<br>Mariano de Labra. Decano en funcións do COAG<br>Luciano G. Alfaya. Director do Comité Organizador |
| 16.30 - 17.30 | **ACEBO&ALONSO (ESPAÑA)** |
| 17.30 - 18.00 | Pausa café |
| 18.00 - 18.30 | Conferencias da Mostra (Sala Compostela) |
| 18.30 - 19.30 | **EDUARDO SOUTO DE MOURA (PORTUGAL)** |
| 19.30 - 21.30 | **Coloquio**<br>Moderado por Felipe Peña Pereda |

## MOSTRA | CONFERENCIAS

| | |
|---|---|
| 12.30 - 13.00 | Asociación Galega de Graniteiros<br>"O uso da pedra actual, un novo enfoque", por Fernando López González Mesones, Enxeñeiro de Minas, profesor da Universidade Politécnica de Madrid |
| 18.00 - 18.30 | Saunier Duval<br>"Solucións Saunier Duval de climatización integral de vivendas para a procura do máximo confort e eficiencia enerxética", por Gorka Goiri |

## Asociación Galega de Graniteiros

Está compuesta por un grupo homogéneo de empresas preparadas tecnológicamente para soportar una producción con excedentes, en buena parte destinada a la exportación. Países tan distantes como México o Japón y áreas tan culturamente diferentes como Oriente Medio o Estados Unidos, son sus principales receptores.

Más allá de las inevitables diferencias internas en cuanto a producción y liderazgo en el mercado de la piedra, la Asociación de Graniteiros disfruta de un estándar común: el nivel tecnológico y de control de calidad de que hacen gala todos sus miembros.

## Saunier Duval

Fundada en 1907, es una corporación perteneciente a Vaillant Group, el grupo multinacional que lidera en Europa el suministro de sistemas inteligentes para el confort doméstico.

Dedicada al agua caliente sanitaria, calefacción y climatización, desarrolló la primera caldera mural mixta a gas, la caldera estanca, el calentador sin piloto, la caldera mural de condensación directa y otras innovaciones tecnológicas encaminadas a mejorar la economía, seguridad y respeto medioambiental de esos productos

## Moderador | Felipe Peña



"É unha gran satisfacción participar dun congreso coma este: onde o máis interesante non son as personaxes que acuden senón as súas obras. Porque se algo acadaron os IV Encontros é un equilibrio perfecto entre as figuras mediáticas e os arquitectos da realidade, aqueles disciplinarios que, como Kuma ou Adjaye, son magníficos artesáns; xentes pouco coñecidas mediáticamente pero cunha obra excepcional, chea de arquitecturas de pequeno tamaño dunha factura coidadísima. Mesmo Acebo&Alonso, xoves arquitectos cunha facilidade abraiante para, dende propostas moi escuetas, alcanza-la monumentalidade. O que nos leva ó asunto das Identidades, que é a clave de todo, porque o arquitecto hoxendía é un mestre de cerimonias, un buscador á procura de "identidade": un concepto en sí mesmo esvaradizo. Os arquitectos xa non cren nunha arquitectura contemporánea: reclaman o futuro dende unha bagaxe histórica, sen querer pertencer a lugar nin época ningunha. De feito, o modelo profesional é moi disperso: antes un arquitecto era un enxeñeiro, un artesán, e agora a miúdo é máis un publicista, un escenógrafo. Os proxectos xa non se fan para seren construídos; ás veces son só imaxes para pasear por Internet. O certo é que o arquitecto fuxe de ter unha identidade precisa; mantense nunha búsqueda formal que lle conduce á navegar entre identidades. E de aí o sentido último dos Encontros: ver de atopala entre todos".

# "La obra ha de someterse al entorno natural", dice Kuma



Kengo Kuma

Si algo define la arquitectura japonesa es su íntima relación con la naturaleza. De hecho, según el prestigioso creador japonés Kengo Kuma, mientras que en Occidente se trata el edificio como "un objeto bello pero aislado", en Oriente la arquitectura es una suerte de filtro natural: está indisolublemente ligada al entorno en que se levanta. Una concepción que, en opinión de Kengo Kuma, ha calado en maestros como Lloyd Wright o Bruno Taut. Esta forma de entender la arquitectura como una búsqueda de armonía entre hombre y naturaleza -cree Kuma- "podría ser la solución a los problemas ecológicos y de sostenibilidad que nos acucian", y conducirnos "de lo particular a lo universal". Kuma disertará hoy a las 11 horas sobre la transparencia como elemento cultural propio de la Arquitectura Japonesa.

# Adjaye busca trasladar el mestizaje a su arquitectura



David Adjaye

Mestizaje es la palabra clave en la trayectoria, tanto vital como profesional, del joven arquitecto afincado en Londres David Adjaye. Nacido en Tanzania, de padres ghaneses y educado en la capital británica, acaba de alzarse con sendos concursos internacionales lejos de su Inglaterra de adopción: la sede de los Premios Nobel en Oslo y el Museo de Arte Contemporáneo de Denver. Así que Adjaye tiene claro cuál es su identidad: "a mí me enriquece más trabajar en equipo, estoy acostumbrado a trasladar el mestizaje cultural que de alguna manera me define personalmente a mi forma de trabajo". A diferencia de Kengo Kuma, Adjaye resta importancia al entorno y se pregunta hasta qué punto ha de ser ese el origen del proyecto y no un elemento condicionante más. David Adjaye presenta su ponencia a

# "Unha aproximación entre conferenciantes e asistentes"

Os Encontros Internacionais de Arquitectura comenzaron no 1999 por iniciativa dun grupo de estudiantes da Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña. Dende entón foron cambiando moitas cousas, pero mantense a esencia do congreso como unha aproximación entre conferenciantes e asistentes.

Os arquitectos convidados mostran diferentes xeitos, visións e opinións sobre a Arquitectura e o papel do arquitecto, xerando diálogos entre eles e co público, sen establecer divisións polo número de obras construídas ou polos proxectos publicados.

Coñeceremos así obras de arquitectos consolidados e maduros, pero tamén descubriremos outros que están a realizar os seus primeiros traballos, sempre dende unha coherencia entre a imaxe das obras e os discursos. Non pretendemos un congreso dogmático, lineal; procurámo-las presencias contradictorias dende o convencemento de que as diferentes concepcións arquitectónicas amplían a visión e a formación dos asistentes. É unha reunión aberta na que todos poden aportar opinións e trala que poidamos coñecer outros xeitos de proxectar e entende-la Arquitectura.



O Comité Organizador e maila directiva do COAG

A participación de arquitectos e estudiantes de tódalas cidades galegas, de Xixón e Oviedo, de León, de Valladolid, de Porto, Lisboa, Guimarães... e en xeral de toda a península, vai ser complementada nesta edición con toda unha serie de actividades paralelas -exposicións, conferencias, concertos- que potenciarán esa procura de conexións, de relacións; en definitva, de Encontros arredor da Arquitectura.

Na actualidade o congreso está organizado por Andar Quatro Arquitectura e mailo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Ademais conta co apoio do Ministerio de Vivenda, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago e a Universidade da Coruña, entre otras institucións.

SUTEGA viene, desde hace 15 años, dando satisfacción a las necesidades del mercado en las áreas de creación de espacios de trabajo y equipamiento en general. Como respuesta lógica a las demandas que se iban detectando fueron surgiendo las áreas de papelería, bellas artes, topografía, copistería, mobiliario para hogar y ayudas técnicas, constituyendo de esta manera un verdadero grupo empresarial.

SUTEGA ILUMINACIÓN es, hasta el momento, la empresa más joven del grupo. Dedicada al diseño y ejecución de proyectos luminotécnicos, comenzó su andadura comercial en enero del 2004.

Nace con vocación de prestar soporte y asesoramiento, tanto a profesionales como a clientes finales, en el desarrollo de proyectos de la mayor complejidad. Para ello, contamos con la estrecha colaboración de las más destacadas empresas del sector. Sirvan a este propósito como ejemplo: iGuzzini, Artemide, Louis Poulsen, Hess, Flos, Luceplan, Deltalight, Fontana Arte, Belux, Ansorg, Foscarini, Ingo Maurer, Modular, Santa & Cole, Targetti, Fagerhult, Vibia, Daisalux, Metalarte y un largo etc...




SUTEGA
ILUMINACIÓN

Ronda de Nelle 131, bajo
15010 La Coruña
Tel. 981 145 843
Fax. 981 271 831
E-Mail: iluminacion@sutega.es
www.sutega.es

SUTEGA ILUMINACIÓN es una empresa del GRUPO SUTEGA